

RESUMO PROGRAMACIÓN 2021-22.

LATÍN 2º DE BACHARELATO.

- ▶ O material de traballo estará colgado na aula virtual do centro.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/epaourense/aulavirtual/>

- ▶ O libro de consulta que seguiremos será o seguinte:

https://www.educa2.madrid.org/web/educamadrid/principal/files/2beae28e-e586-4c48-bb6b-12879ea4bf43/Lat%C3%ADn%2020_21%20COMPLETO.pdf?t=1596281822530

Como libro de repaso para aqueles contidos non vistos no curso 2019-20

https://www.educa2.madrid.org/web/educamadrid/principal/files/b4197e22-02eb-4b6a-9dc3-2dc00d38dcab/Lat%C3%ADn%201%2020_21%20%20COMPLETO.pdf?t=1596283079454

- ▶ Os contidos lingüísticos están estruturados por trimestres. De ser posible faremos dous exames presenciais como mínimo por avaliación. No caso de confinamento todo o material será entregado online:

PRIMEIRO TRIMESTRE

BLOQUE I: Repaso gramatical de 1o de Bachillarelato > Flexión nominal: declinacións de sustantivos, adxetivos e pronomes > Flexión verbal: tema de presente e de perfecto en voz activa e pasiva > Sintaxe de oracións compostas > Regras de evolución fonética do latín ao castelán ou galego

SEGUNDO TRIMESTRE

BLOQUE II: Contidos lingüísticos > Verbos irregulares > Grados do adxectivo > Construcións de participio > Cum > Ut > Ne > Quod > Ubi > Conxugación perifrástica

TERCEIRO TRIMESTRE

BLOQUE IV: Textos > Textos ABAU

- ▶ Os contidos culturais e as evolucións fonéticas iranse facendo ao longo do curso para alixerar as explicacións teóricas lingüísticas e cada tema de cultura entrará como parte teórica en cada exame.

BLOQUE III: > Esquema dos xéneros literarios > Poesía épica: Virxilio e Lucano > Poesía lírica: Catulo e Horacio > Poesía elexíaca: Catulo, Ovidio, Propercio e Tibulo > Teatro latino: Plauto, Terencio e Séneca > Historiografía latina: César, Salustio e Tito Livio > Oratoria latina: Cicerón e Quintiliano.

EVOLUCIÓN FONÉTICA > Regras principais da evolución fonética

- ▶ Toda a programación pode estar suxeita a modificacións no caso de cambios na estrutura da proba da ABAU.

O alumno deberá ser capaz de:

- ▶ Comprender e traducir de forma coherente textos latinos pertencentes a diversos xéneros literarios.
- ▶ Recoñecer en textos latinos orixinais os elementos básicos da morfoloxía regular e da sintaxe da oración, en función da comprensión do texto latino,

apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas, especialmente co galego e co castelán.

- ▶ Comparar o léxico latino co das outras linguas de uso do alumnado, identificando os seus compoñentes e deducindo o seu significado etimolóxico.
- ▶ Realizar comentarios de textos traducidos, analizar as estruturas e trazos literarios deles e recoñecer o papel da literatura clásica nas literaturas occidentais.
- ▶ Planificar e realizar traballos monográficos manexando fontes de diversos tipos (restos arqueolóxicos, inscricións, índices, léxicos, traballos específicos, etc.) e utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación como ferramenta de organización e comunicación dos resultados.
- ▶ Ler obras da literatura latina traducidas

A AVALIACIÓN

Avaliación inicial

Data prevista de realización

Segunda semana de curso.

Proba (proba tipo test, preguntas e respostas, confección de mapas, gráficos... relacionados cos estándares, etc.)

- **Descrición do tipo de proba:** Coñecementos previos de cuestións lingüísticas básicas: tipos de palabras, funcións gramaticais etc na súa lingua materna.

Mecanismo para informar ás familias

Polo tipo de alumnado, maior de idade, non se contemplan. Excepcionalmente se hai algún menor poderíase informar se así o precisasen.

Consecuencias dos resultados da proba

Fundamental para saber de onde se parte. Por parte do docente para coñecer o nivel do grupo e do alumno e adaptar os contidos e polo alumno para que subsane esas deficiencias.

Avaliación continua

Periodicidade coa que se farán probas escritas (cada cantos temas, cantas por trimestre ou avaliación, etc.)

Dous exames ou probas por trimestre.

Como se cualifican as probas, os traballos individuais ou colectivos, o traballo no caderno de clase, a observación do traballo na aula (ponderación, redondeo...)

As probas son o 100% da nota para aqueles alumnos que non asistan con asiduidade. Para o resto ademáis da nota se lles contará a asistencia, o traballo da clase, a participación activa e positiva, os traballos, o caderno e as lecturas obrigatorias ata un 20% sempre que superen o 4 na nota media dos exames.

Aspectos que se van valorar dentro da observación do traballo na aula e instrumentos para a recollida desta información

Asistencia activa, traballo na clase, participación activa e positiva, traballos individuais e grupais, lecturas obrigatorias, actitude colaborativa etc.

Como se calcula a cualificación de cada unha das avaliacións (ponderación, redondeo...)

A media das avaliacións será de 25%, 35% e 40% entre primeira, segunda e terceira avaliación sempre que non haxa abandono na última avaliación ou a nota desta non supere o 3.

Mecanismo/s para recuperar unha proba non superada

A materia é avaliación continua e só se fará recuperación da última avaliación. Excepcionalmente poderase facer recuperación das lecturas obrigatorias se as hai no último exame do curso.

Mecanismo/s para recuperar unha avaliación non superada

A materia é avaliación continua e só se fará recuperación da última avaliación.

Avaliación final

Alumnado que deberá realizar a avaliación final

Deberán realizar a avaliación final os alumnos que non superen a materia.

Descrición do tipo de proba

Exame escrito onde se combinen nunha porcentaxe 60% 40% contidos prácticos (traducións con análise morfosintáctica) e teóricos (coñecemento de declinacións, verbos, contidos de historia, cultura, literatura, pervivencia, locucións, composición e derivación, topónimos etc) Tanto as porcentaxes como os contidos poderán ser modificados en consonancia co modelo de exame proposto pola CIUGA para 2º Bacharelato. Sempre será necesario a análise morfolóxica e sintáctica nas traducións.

Estándares que se van avaliar (todos, só os pendentos...)

Todos. O previsible é que acudan ao exame final aqueles alumnos que non viñeron ás clases e que normalmente non se examinaron de ningunha avaliación polo que deberán demostrar uns coñecementos básicos sobre todos os estándares.

Como se calcula a cualificación final (ponderación, redondeo, etc.)

A nota que se obtenga do exame. Para aprobar a materia será necesario un 5 no exame.

Criterios do centro para a promoción

Avaliación extraordinaria

Descrición do tipo de proba: número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.

Igual que a avaliación final.

Como se calcula a cualificación

Igual que na avaliación final.

Recuperación e avaliación de pendentos

Mecanismos para o seguimento (clases de recuperación, traballos, reunións de seguimento, etc.)

Os alumnos poderán asistir ás clases do curso anterior se o horario llo permite. Como en 2º Bacharelato hai un trimestre de repaso do curso anterior poden preguntar cando se repase, solicitar material de apoio ou repaso, realizar tarefas especiais etc.

Como se avalía (avaliacións parciais, avaliación final, cualificación de traballos realizados, etc.)

Os alumnos que superen a primeira avaliación de 2º de Bacharelato terán aprobada a pendente de primeiro. Os que non a superen terán outra posibilidade no terceiro trimestre.

Como se calcula a cualificación final (ponderación, redondeos, etc.)

Nota do exame. Nunca se redondeará cara a cifra superior. A nota de aprobado terá que ser como mínimo un 5.

Descrición do tipo de proba extraordinaria: número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.

A proba extraordinaria será igual que as probas ordinarias e a súa valoración será idéntica ás expostas máis arriba.

Como se calcula a cualificación da proba

60% contidos teóricos (verbos, declinacións, etc) 40% tradución (con análise morfolóxica e sintáctica)